

As "choivas outonais" de Manuel Antonio
(Reflexións sobre un poema inédito do poeta rianxeiro)

Xosé Luis Axeitos

As choivas, as *fenestras* que se cerran, o *arrecendo de terra mollada*, o *serán e a noite*, os *reloxes*, son motivos incesantes na poesía de Manuel Antonio. Os campos léxicos da noite e da choiva teñen representación no título de máis de vinte poemas do rianxeiro. Abondaría este dato superficial, cuantitativo, para restarlle importancia, que non interese, ó poema que publicamos.

Pero como en punto a "importancias" cada lector ten o seu propio sistema de valores¹, quixera, sen dramatizar, levar auga a outros muíños, menos mecanizados, pero que tamén son nosos².

Un coñecido e admirado intelectual galego, dicía hai algún tempo, e con certa énfase, que a nosa cultura estaba, en parte, secuestrada por certos hábitos caciquís. Confeso ter sido inxenuo cando escoitei tal afirmación e ter posto máis atención na expresividade do emisor que na mensaxe.

Con ocasión de traballar sobre a poesía de Manuel Antonio³, tiven a oportunidade de comprobar a necesidade de revisar e ordenar convenientemente a obra do noso poeta. E, tamén, tiven ocasión de sufrir o cumprimento profético das palabras devanditas do intelectual galego.

De todos é coñecida a proveitosa e oportuna edición que da poesía de Manuel Antonio fixo o Presidente da Academia Galega⁴; pero todos os lectores recoñecen hoxe a necesidade dunha revisión que non significa menoscabo do labor do editor, senón simplemente afán de renovar e mellorar, na medida do posible, o que se fixo hai case vinte anos. Xusto aquí, empezan a cobrar sentido as palabras "secuestro"

1. Un expresivo poema en canto a "Importancia" se refire, debemos a outro poeta rianxeiro, Rafael Dieste, *Rojo Farol Amante*, Hiperión, 1983, p. 39.

2. A "figura" está tomada do poema "Os muíños" de Manuel Antonio, *Poesías*, 1972.

3. Preparamos unha edición da poesía do poeta rianxeiro para "Sotelo Blanco".

4. MANUEL ANTONIO, *Poesías*, (Edición, limiar e notas, de Domingo García Sabell), 1972.

e "caciquismo"; as mesmas escuridades e silencios seculares que asoman, por exemplo, pola biblioteca da Academia Galega, son toda a colaboración prestada por tan ilustres "bibliótafos" (enterradores de libros).

Manuel Antonio publicou en vida, ademais do libro *De catro a catro*⁵ máis de vinte poemas en distintos diarios e revistas⁶; soamente este "corpus" abondaría para aquilatar a dimensión da obra do rianxeiro. Despois da súa morte, acaecida en 1930, o medo ó contaxio e a desazón, de todo tipo, maternal, cerraron a cal e canto o cuarto do poeta. Poucos anos despois, a guerra civil fechaba as portas da liberdade. Non sen loita, as portas foron cedendo e o derribo permitiu que no ano 1972 aparecera enriquecida a obra de Manuel Antonio.

Un bó coñecedor destas aperturas, proporcionoume o poema que publicamos⁷. Non podemos descartar a idea de que outros inéditos aparezan dado o misterio "creado" sobre a transmisión e legado poético de Manuel Antonio.

O poema, di así:

A choiva ten trasacordos
de son e de compás
Os atixados relanzos d'o día
cegos e xordos
dan n-os reloxos corda pra atrás

Abrochan as fenestras
ó arrecendo d'a terra mollada.
As lonxanías solagan-se
n-un naufraxio outonal.

O serán chegouse-me pol-a porta
e volveu-me a contar os seus mesmos poemas
Foi-se dispois ó enterro
de calquer estrela morta

A choiva ten trasacordos
achádegos renovados
c'os atixados relanzos d'a noite
cegos e xordos

Como se pode ver no facsímil autógrafo, o poema está firmado e datado no Out-24. Ten, como todos os anteriores a *De catro a catro*, un certo ton tradicional: a rima, o paralelismo, a estrutura cerrada...

Outro poema do mesmo ano e mes, "Antremedio", desenvólvese no mesmo clima creativo, con parecidos motivos: a choiva, o relanzo, naufraxio e solagamento. En

5. Edic. "Nós", A Cruña, 1928.

6. Os diarios "Galicia" e "El Pueblo Gallego", as revistas "A Nosa terra", "Rexurdimento", etc. A relación figura completa na nosa edición de Sotelo Blanco.

7. O poeta Xesús Santos, admirador e profundo coñecedor da poesía de Manuel Antonio. O meu agradecimiento para el, sabedor de tantas "intra-historias".

13. TITULO DO LIVRO

A chova tem trasaordos
de son e de compás
Os ataxados relanzos d'o dia
cegos e zordos
dão n-n relazes, lorde, pre atrás.

Abroham as jenertras
o arceudo da terra mollada.

As banyas solazam-se
n-um naufráio outonal.

O verán hegy-me ^{re} puf-e porta
e volvem ^{me} a loutar os seus ^{mesmos} poemas

Foi-se dipois o enterno
de calquer estrela morta

achá: A chova tem trasaordos
depois ~~depois~~ renovados
Os ataxados relanzos d'a noite
cegos e zordos.

Out-24

Manoel Antonio

definitiva, un poema revelador dunha atmosfera creativa que estaba chegando ó límite das súas posibilidades; axiña se abrían outros derroteiros náuticos.

Por unha serie de circunstancias históricas ben coñecidas por todos, o cultivo literario do galego suscitou sempre, con especial tensión, a dialéctica léxico culto/ léxico popular. A poesía de Manuel Antonio é un bo exemplo da preocupación do poeta por este problema que, en non poucas ocasións, se lle dá unha resposta simplificador. Tal é a que bota man de criterios como "hiperenxebrismo", "diferencialismo", "castelanismo" ou "lusismo" que, se ben poden explicar lingüísticamente a forma empregada, non reflecten a loita do poeta coa lingua, pola expresión.

Un amigo persoal de Manuel Antonio, o escritor Rafael Dieste, compartiu esta preocupación e ambos mantiveron non poucas conversas sobre o tema⁸. O autor de *De catro a catro* tamén deu resposta ó problema, á preocupación, dun xeito poético que era o seu xénero case exclusivo.

No contexto simbolista da poesía manuelantoniana están plenamente integradas unha serie de crenzas populares nas que o léxico cumpre funcións estratéxicas. E non debemos esquecer que os símbolos poéticos de Manuel Antonio, aí reside a súa forza, non son culturalistas nin novidosos, xorden do desciframento dos existentes na natureza. E neste senso de descifrar a natureza, o grande mestre é o pobo.

Neste mesmo poema que pretextamos, a choiva, co seu arrítmico escampar-arreciar, esboza o simbolismo do mesmo. Unha sinxela ecuación parece debuxar esta estética: natureza = sinxeleza = pervivencia cíclica = eternidade que desembocaría no pobo de maneira inevitable. Todo isto sen esquecer que Manuel Antonio oponse esteticamente ó ruralismo que fixo uso e abuso do concepto "popular".

O problema levaríanos demasiado lonxe e sería necesario precisar o concepto de literatura popular no nosa cultura porque non serve, aínda que axude, o tomado das outras.

Non quixera, sen embargo, rematar sen chamar a atención sobre o adxectivo *atixado*, empregado no poema que publicamos. Suscita, en primeiro lugar, unha peculiaridade nada común: carece de identidade oficial, non figura rexistrado nos dicionarios galegos⁹. O estado calamitoso da nosa lexicografía, aínda hoxe, puidera dar visos de normalidade a tal situación, pero se a esta palabra engadimos outras, como *pademia*¹⁰ ou as famosas *melfas*, poderemos comprobar que é tendencia do poeta a incorporación do léxico local, popular, á creación poética.

8. Vid., como exemplo, o que foi discurso de recepción de Dieste na Academia Galega, *A vontade de estilo na fala popular*, p. 32, na que se cita expresamente a Manuel Antonio. Dieste deixou enriquecedoras mostras deste problema na súa obra periódica (*Antre a terra e o ceo*, pp. 76-77 ou 87-89). Eu mesmo fun testigo privilexiado de conversas léxico-etimolóxicas.

9. Consulte, por orde cronolóxica, o Rodríguez, Cuveiro, Valladares, Irmandades da Fala, Carré, e Franco Grande. Para os nosos propósitos chegaría con ter vistos os anteriores a 1930.

10. Empregada no poema "D'o xornadario d'un estudante" e explicada en carta ó seu curmán Roxelio. Esta palabra recollida no dicionario castellano-galego das Irmandades da Fala e traducida por "obsesión".

A voz *atixado*, co significado de "abraiado", "pasmado", segue viva na fala de Asados (Rianxo) aldea na que viviu Manuel Antonio; e tamén na vila, en Rianxo, segundo testemuño de Dieste, compañeiro, interlocutor e conselleiro da poesía do malogrado poeta.

Paseando pola ribeira da vila, os dous amigos inquerían nomes e significados, algúns de tanta trascendencia como *ronsel* que ía conformar ó seu arredor todo un mundo poético. E ata para *atixado* tiñan a súa hipótese etimolóxica¹¹: as persoas que contraían a terrible doenza da "tisis", axiña comenzaban a ter un aire cadavérico, canso... estaban *atisiados.

Non é momento de discutir as dificultades que presenta esta explicación, moi atinada se temos en conta que dispoñían unicamente dos venerables *Elementos de Gramática Histórica Gallega* de V. García de Diego e do inevitable Pidal. Un, esgotado nos anos vinte, Valladares era a fonte lexicográfica desta xeración que supliu a falta de medios coa vontade, o traballo e os anxeios que puxeron en todas as empresas que acometeron.

X. L. Axeitos
A Coruña, outro outono, 1991

11. Nunha longa entrevista que mantiven con D. Rafael Dieste o día 4-IX-1981, un mes antes da súa morte, afirmou, enfaticamente, que o léxico literario de Manuel Antonio e o seu propio, tiña orixe nas pescudas entusiastas que teñen levado a cabo.